



BASES SERVIZO DE CONCILIACIÓN VERÁN 2026

1.- OBXECTO

O obxecto destas bases é organizar o desenvolvemento do servizo de conciliación vacacional do verán 2026 para proporcionar ás nenas e aos nenos do Concello de Paderne unha alternativa de lecer cunha dobre finalidade, a de permitir a conciliación familiar, laboral e persoal das familias e a de ofrecer un espazo de recreación para as/os menores en igualdade de oportunidades.

2.- PERSOAS DESTINATARIAS

Menores nadas/os no ano 2022 e ata os 14 anos de idade, preferentemente empadroados e residentes no Concello de Paderne.

As/os menores que teñan recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nas actividades, sempre que teñan capacidades de integración no grupo e que as súas necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades desenvoltas, o que deberá ser acreditado mediante informe médico, educativo ou social.

3.- CRITERIOS DE SELECCIÓN

No caso de que o número de solicitudes sexa superior ao número de prazas dispoñibles, aplicaranse os seguintes criterios na seguinte orde:

- 1) Familias con rendas inferiores a 3 veces o IPREM.
- 2) Familias monoparentais.
- 3) Víctimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller.
- 4) Mulleres en situación de desemprego de longa duración.
- 5) Mulleres maiores de 45 anos.
- 6) Familias numerosas.
- 7) Familias nas que existan outras cargas relacionadas cós coidados.
- 8) Situación de activo laboral de ambos proxenitores.
- 9) Outras circunstancias especiais debidamente xustificadas e valoradas tecnicamente polos servizos sociais comunitarios básicos.

Se a pesar de aplicar os criterios de selección, o número de inscricións segue sendo superior ao número de prazas, realizarase un sorteo público. Os grupos de irmáns participarán no sorteo cun só número. Tras o sorteo crearase unha lista de agarda.

Cada participante será seleccionado con prioridade para unha quenda e primará sempre a participación do maior número de menores posible, sen prexuízo de que puideran participar en máis quendas no caso de quedar prazas vacantes.

Unha vez cuberto o número mínimo de prazas con menores empadroadas/os en Paderne, poderán cubrirse as prazas segundo a seguinte prelación:



1. Menores non empadroados con pais/nais empadroados/as no Concello de Paderne.
2. Menores non empadroados e residentes en municipios limítrofes, sempre que cumpran os requisitos xerais de inscrición.

En caso de ausencia non xustificada perderase o dereito á praza e procederase a adxudicar dita praza vacante a outra/o menor da lista de agarda, se é o caso.

4.- DESCRICIÓN DO SERVIZO

➤ LUGAR

As actividades desenvolveranse no centro de maiores, aula de informática, biblioteca e parque anexo ao concello. Cando a climatoloxía o permita, realizaranse as actividades no exterior.

➤ DATAS

As aulas de conciliación organízanse en 5 quendas diferenciadas, de luns a venres, agás festivos, do seguinte xeito:

1ª quenda: do 1 ao 15 de xullo.

2ª quenda: do 16 ao 31 de xullo.

3ª quenda: do 1 ao 14 de agosto.

4ª quenda: do 17 ao 31 de agosto. (18 festivo).

5ª quenda: do 1 ao 4 de setembro.

➤ HORARIO

O horario será de 8.00 a 15.00 horas.

A entrada será flexible entre as 8:00 e as 9:00 horas. Igualmente a saída será flexible, entre as 14:00 e as 15:00 horas.

Para unha mellor organización do servizo, e salvo causa xustificada, respectaranse os horarios de entrada e saída.

➤ ACTIVIDADES

As actividades terán como eixo vertebrador a igualdade entre nenas e nenos, a través de iniciativas lúdicas e de ocio e tempo libre. Realizarase un taller de igualdade ao día.

Para o desenvolvemento das actividades, as/os menores serán agrupados en función da idade:

1º grupo ata os 6 anos.

2º grupo de 7 a 14 anos.

As actividades englobanse segundo a seguinte clasificación:

Programa de	Actividades predeportivas e deportivas Xogos de cooperación, populares e tradicionais Actividades musicais, de baile e de expresión corporal Actividades artísticas e manualidades Actividades audiovisuais Transversais de educación en valores
-------------	---



Saídas	De interese lúdico-cultural e/ou lúdico-deportivo a outros municipios Á contorna municipal
Visitas de interese de entidades ou organismos da contorna	

➤ PRAZAS

O número de prazas máximo de participantes será de 75 por quincena.

5.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As persoas interesadas en participar deberán presentar a seguinte documentación no prazo indicado, preferiblemente por rexistro electrónico do Concello de Paderne.

- a) Solicitud.
- b) Autorización de recollida.
- c) Copia do DNI da/o menor ou libro de familia.
- d) Copia da tarxeta sanitaria.
- e) Copia do DNI da nai/pai/titor/a legal, que asine a solicitude.
- f) No caso de ter certificado de discapacidade, copia do mesmo e informe médico, educativo ou social que acredite que as súas necesidades especiais lle permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver.
- g) No caso de separación/divorcio entre os pais, copia da mesma para acreditar o réxime de custodia.
- h) Documentación xustificativa para acreditar algunha das circunstancias recollidas no punto 3 destas bases.

Para menores que xa asistiron en anos anteriores, non será necesario volver a aportar dita documentación, se as circunstancias persoais non se viron modificadas. Será suficiente presentar a solicitude e as autorizacións.

6.- PRAZO DE INSCRICIÓN

O prazo de inscrición é dende o día seguinte ao da publicación destas bases no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello **ata o día 29 de maio**.

7.- PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS

A **semana do 8 de xuño**, publicarase a **lista provisional** de admitidas/os, que será definitiva no caso de non cubrirse todas as prazas. Poderase consultar no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

As persoas solicitantes disporán de 2 días hábiles para presentar alegacións ao listaxe provisional. De ser necesario realizar sorteo público, a data do mesmo será publicada no taboleiro de anuncios do Concello.

A **semana do 15 de xuño** publicarase a **lista definitiva** de participantes admitidos no taboleiro de anuncios do Concello.

O Alcalde/Presidente



Sergio Platas Casal

Documento asinado dixitalmente.